

Nome do/a pai/nai titor/a:

DNI do/a pai/nai/titor

En caso de urxencia avisar a:

Teléfono fixo e móbil

¿Alerxias?

¿Necesita algún tratamento especial?

En caso afirmativo, presentar un certificado médico

¿Sabe nadar?

Observacións de interese:

Autorizo ao meu fillo/a

a asistir ao Campamento de Verán organizado polas concellerías de Deportes e Xuventude do Grove e confirmo a autenticidade dos datos da presente solicitude.

SINATURA DO/A PAI/NAI/TITOR



campamento deportivo de verán 2013

inscricións
(do 14 de maio ao 4 de xuño)
986 73 06 09 (casa azul)
657 46 42 77 (íco. deportes)

colabora:



organiza:



O **Campamento Deportivo de Verán** é unha iniciativa das concellarías de Deportes e Xuventude, co obxectivo de crear unha actividade que ocupe parte das mañás do verán (xullo e agosto) dos **rapaces nados entre o 1999 e o 2005**.

Hai uns rapaces que demandan un verán diferente, non practican deporte durante o inverno ou o fan nunha soa especialidade (baloncesto, fútbol,...) e gustaríalles coñecer disciplinas deportivas diferentes. Desde o Concello queriamos ofrecer unha alternativa de verán saudable e divertida. As actividades serán case na súa totalidade ao aire libre (tendo sempre a alternativa do Pavillón dos Deportes).

CONTIDOS

Piragüismo, baloncesto, fútbol, deportes alternativos, balonmán, voleibol, sendeirismo, remo, xogos populares, actividades na natureza, olimpíadas...

Adestramentos dentro de cada especialidade onde o carácter lúdico e a competición participativa serán o fío condutor das sesións. Habrá unha gran actividade de despedida de curso.

HORARIOS

- Para os nenos nados nos anos **2005, 2004 e 2003**, a actividade levarase a cabo de **10:45 a 13:30 horas os luns, mércores e venres**.

- Para os nenos nados nos anos **2002, 2001, 2000 e 1999**, a actividade levarase a cabo de **10:45 a 13:30 horas os martes, xoves e sábados**.

PARTICIPANTES

Dividiremos aos rapaces en grupos de vinte. Terán que levar roupa cómoda e axeitada á actividade que lle corresponda.

EQUIPO DE TRABAJO

Teremos monitores deportivos durante todo o verán, un con cada grupo, reforzados en cada semana por monitores dos clubs locais, aos cales lle corresponda esa especialidade.

LOCALIZACIÓN

Praia de Confín, Campo de Fútbol do Monte da Vila, Pavillón dos Deportes, Pavillón de Deportes Náuticos, Terra de Porto, Monte Central,...Aínda que o punto de partida e recollida será sempre o Pavillón dos Deportes.

TARIFAS

Hai dúas opcións:

- 30 € ao mes

- 20 € por quincena

ORGANIZA

Concellaría de Deportes e Xuventude e a ADM

INSCRICIÓN

Do 14 de maio ao 4 de xuño, na casa azul (tlf: 986 73 06 09) ou chamando directamente ao técnico de deportes (657 46 42 77). Para formalizar a inscrición é necesario cubrir a ficha que se acompaña a continuación.



FICHA DE INSCRICIÓN

FOTO

Data da solicitude:

Solicitude nº:

Nome do/a neno/a:

Apelidos:

Teléfono:

Data de nacemento:

DNI:

Enderezo:

Curso: